

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 5 de decembro de 2008**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Francisco Xabier Alonso Pérez  
D. Xulio Calviño Rodríguez  
D. Santiago Domínguez Olveira  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Xosé Méndez Piñeiro  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> Elena Maure Noia  
D. José Manuel Mariño Mendoza

**Invitados:**

D. Xesús López Carreira

D<sup>a</sup> Raquel Díaz Vázquez  
D<sup>a</sup> María Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup> Laura López Atrio  
D. Angel Rivas González  
D<sup>a</sup> Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e vinte minutos do día cinco de decembro de dous mil oito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Blanco Serano.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1885).- ACTA ANTERIOR.** Apróbbase a acta da sesión ordinaria do 21 de novembro e a extraordinaria e urxente do 1 de decembro de 2008. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

**2(1886).- SUBVENCIÓN Á SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUI PARA PROGRAMA DE VACACIÓNS DOS NENOS SAHARAUIS. EXPTE. 5121/101.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral e xefe de protocolo e Relacións Públicas, do 5.11.08, conformado pola concelleira-delegada de Facenda, e polo interventor xeral, que di o seguinte:

Como adenda o meu informe de data 21 de outubro, e de conformidade cós informes emitidos pola Asesoría xurídica Municipal e o Departamento de Intervención, o funcionario que asina ten a ben sinalar o seguinte:

Engádesse certificación do Concello de estar ó día dos pagos ao mesmo, da mentada asociación.

O obxecto da subvención, o aveiro do previsto no art. 22.2 da Lei 38/2003 e subvencionar os gastos de transporte e organización da estancia en Vigo de 62 nenos saharauis dos que 16 serían o obxecto da presente subvención.

Asemade, sinálase que o crédito orzamentaria sería de cargo da partida mentada no meu anterior informe, que sería a 111.0.489.00.02 “Subvencións por razóns humanitarias”, dada a importancia social e humanitaria do obxecto desta subvención.

Debido a insuficiencia da única subvención, concedida para esta actividade, segundo se acredita no escrito remitido polo Delegado da entidade obxecto de subvención, propónse a concesión da subvención de 10.000 euros da que se trata, segundo o contido na seguinte proposta:

#### PROPOSTA.

Conceder, o aveiro do establecido no art.22.2 da Lei 38/2003, a Solidariedade Galega co Pobo Saharaui (NIF G-15924558), unha subvención por importe de 10.000 euros en concepto de axuda para os gastos ocasionados pola organización, viaxe e estancia en Vigo de 16 nenos saharauis dentro do programa “Vacacións en Paz 2008”, e isto con cargo a partida 111.0.489.00.02.

A presente subvención será aboada con cargo a presentación das súas oportunas facturas orixinais, cun prazo máximo ate o 19 de decembro, do ano en curso.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(1887).- SUBVENCIÓN Á COFRADÍA DEL SANTÍSIMO CRISTO DE LOS AFLIGIDOS DE BOUZAS. EXPTE. 4964/101.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral e xefe de protocolo e Relacións Públicas, do 10.11.08, conformado pola concelleira-delegada de Facenda, e polo interventor xeral, que di o seguinte:

Visto o informe da asesoría xurídica e, engadega o meu informe de data 26 de agosto, cabe subliñar o seguinte:

A subvención referida é competencia do Concello a tenor dos artigos 80 e 86 da Lei 5/97 de 22 de xuño de Admón. Local de Galicia.

Propónse a concesión da subvención o abeiro do previsto no artigo 22,2a da Lei 38/2003 de Subvencións.

O obxecto da subvención será un apartado do festival poético piro-musical “Cidade de Vigo-Vila de Bouzas”, por tratarse da homenaxe o himno galego, neste festival de especial interés turístico e social.

A conceder a “Cofradía do Santísimo Cristo dos Aflixidos de Bouzas” dado que existe outra subvención xustificase a concesión da presente habida conta o presuposto presentado pola devandita cofradía, polo que considérase a insuficiencia desta entidade para facer fronte a totalidade do presuposto.

O pago realizarase contra a xustificación por parte do beneficiario con facturas orixinais ou recibos orixinais, que serán visados polo técnico da Alcaldía, cun límite máximo de 10 de decembro.

Por todo isto, e de conformidade co establecido na Lei 30/2003 de Subvencións e R.D 887/2006, a Xunta Local de Goberno, previo informe do crédito orzamentario da oficina de Intervención PROPONSE ADOPTAR O SEGUINTE ACORDO:

Conceder a “Cofradía do Santísimo Cristo de Bouzas” CIF G-36690170, unha subvención por contía de 16.000 euros con destino ó apartado 4º Festival Poético-Piromusical “Cidade de Vigo-Vila de Bouzas”, 5º acto “Homenaxe Himno Galego. Apoteosis Final” que figura no presuposto presentado pola devandita cofradía incluído nos presupostos das festas de Bouzas 2008.

A concesión da subvención será con cargo a partida da Alcaldía 111.0.489.00.04 (Outras subvencións), ou bolsa de vinculación do presente orzamento.

O aboamento da devandita subvención realizarase contra a presentación pola Cofradía do Santísimo Cristo dos Aflixidos, das oportunas facturas ou recibos orixinais que serán visados polo técnico da Alcaldía.

O prazo de presentación dos devanditos xustificantes rematará o día 10 de decembro do ano en curso.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **4(1888).- DAR CONTA DAS SEGUINTE SENTENZAS E AUTOS REMITIDOS POR ASESORÍA XURÍDICA:**

- a) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A P.A. nº 521/07. Demandante: COMERCIAL MARTINEZ SANCHEZ, S.A. Obxecto: Resolución do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, sobre EUI 2007, (expte. 926/550). Desestimado.
- b) Auto do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A p. a. nº 346/08. Demandante: D. Guillermo Presa Suárez. Obxecto: Sanción de tráfico. Expte. Núm. 078693998. Desestímato do demandante.
- c) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A pa 192/2008. Demandante: Dª Ana María Pujales Estévez. Obxecto: Resolución desestimatoria da Xunta de Goberno local sobre responsabilidade patrimonial. Estimado.
- d) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A pa 147/2008. Demandante: Dª Nuria Lores González e D. Moisés Lores González. Obxecto: Denegación presunta de indemnización por responsabilidade patrimonial. Estimado.
- e) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RCA pa 240/2008. Demandante: D. David Mosquera Estévez. Obxecto: Desestimación presunta de recurso formalizado en relación a percepción de retribucións. Estimado.
- f) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A pa 151/2008. Demandante: D. Luis Rodríguez Rey. Obxecto: Sanción de Tráfico. Desestimatoria.

g) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A pa 205/2008. Demandante: D<sup>a</sup> Elsa González Sánchez. Obxecto: Resolución de X.Goberno local sobre reclamación patrimonial. Estimo parcialmente.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

**5(1889).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 12/1741, 12/1745, 12/2052, 13/1811.**

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo cos informes-proposta da traballadora social responsable do Programa, conformados pola concelleira delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:

- D<sup>a</sup>. Kenia Bonk Gimaiel. Expte. 1811/13.
- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Carmen Blanco García. Expte. 2052/12.
- D<sup>a</sup>. Antonia Rodríguez Rodríguez. Expte. 1745/12.
- D<sup>a</sup>. Josefa Costas Rodríguez. Expte. 1741/12.

**6(1890).- ACTA DE RECEPCIÓN DAS OBRAS DE REFORMA DAS INSTALACIÓNS DO DEPARTAMENTO DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 38154/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Acvidiades Económicas, do 26.11.08, conformado pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, que di o seguinte:

*Con data 7 de novembro de 2005 a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto de execución das obras e o prego de condicións administrativas (expte. 12928-301) para a reforma das instalacións do departamento de Benestar Social.*

*As obras de reforma das instalacións foron adxudicadas a empresa ORECO, S.A. pola Xunta de Goberno Local en sesión do 30 de decembro de 2005.*

*A Xunta de Goberno Local en sesión de data 23 de xullo de 2007, adoptou acordo aprobando o proxecto modificado das obras de reforma do departamento de Benestar Social e de adxudicación das mesmas a empresa ORECO, S.A., nas mesmas condicións que rexeran a contratación do proxecto inicial.*

*Por medio de acta de recepción do 18 de setembro de 2008, os Arquitectos municipais D. Juan Luis Piñeiro Ferradás, D. David Carvajal e a empresa ORECO, S.A., representada por D. José Liz Rodríguez, procederon ao recoñecemento total das obras de reforma das instalacións do departamento de Benestar Social, asinando e iniciándose o período de garantía na data arriba sinalada.*

*Polo anterior proponse á Xunta de Goberno Local:*

*“Aprobar a acta de recepción das obras de reforma das instalacións do departamento de Benestar Social do Concello de Vigo”.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**8(1891).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE ALUGUER DO INMOBLE SITUADO NA ESTRADA DO VAO Nº 151 PARA A ESCOLA OBRADOIRO “MAR DE VIGO”. EXPTE. 5341/77.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Promoción Económica e Emprego, do 19.09.08, conformado polo concelleiro delegado, o interventor xeral e a xefa de fiscalización, que di o seguinte:

*Para o desenvolvemento de actividades de formación para o emprego no ámbito das profesións relacionadas coa construción naval (carpintería de ribeira e novas técnicas de construción naval) así como daquelas relacionadas coa promoción de actividades náuticas turístico-deportivas, o concello de Vigo alugou o inmovible sito na Estrada do Vao nº 151, propiedade da Comunidade de Herederos de Adolfo Abraín Domingo.*

*O contrato de aluguer (expte. 601/077) foi asinado o 13/11/00, con vixencia no período 15/11/00-15/05/02 e , segundo a súa Cláusula Segunda, será “prorrogable por un máximo de cinco anos, sempre que as partes o acorden”. Complementariamente, a cláusula Terceira di” De executarse as prórrogas, o importe da renda actualizaríase anualmente co Índice de Prezos ó Consumo (IPC) que regulamentariamente se estableza” (achégase copia do contrato de arrendamento e da certificación do acordo da Comisión de Goberno municipal).*

*Deste xeito, no expediente 1237-077 recóllense as actuacións correspondentes á prórroga efectuada no período comprendido entre 16/05/02-15/05/03, no 1658-077 as relativas á prórroga do período 16/05/03-15/05/04, no 2288-077 as do período 16/05/05-15/05/06, no 3741-077 as do período 16/05/06-30/06/07, no 4554-077 as do período 01/07/07-31/12/07, no 4965-077 as do período 01/01/08-31/03/0, e no 5108-77 as do período 01/04/08-30-09-08 (achéganse no expediente copias das certificacións dos correspondentes acordos de Comisión de Goberno e Xunta de Goberno Local).*

*Unha vez manifestada pola propiedade a súa vontade de prórrogar nove meses máis a relación co Concello de Vigo no referido ao aluguer do inmovible sito na Estrada do Vao nº 151 nas condicións indicadas no contrato de arrendamento (achégase copia do escrito 12/09/08 remitido polo representante da propiedade nese sentido), e toda vez que esta infraestrutura permitirá continuar co desenvolvemento de accións de fomento do emprego e da actividade económica no ámbito das profesións relacionadas co mundo do mar (nomeadamente do novo proxecto acollido ao programa de escolas obradoiro, denominado “Escola obradoiro Mar de Vigo IV”), dende esta Concellaría de Promoción Económica e Emprego enténdese que é necesario e posible prórrogar o citado contrato de arrendamento por un novo período nove meses, período no que se deberá de negociar a posibilidade de adquirir en propiedade o citado inmovible.*

*Deste xeito, a prórroga do contrato tería vixencia de NOVE MESES dos que os tres primeiros serían dende o 01/10/08 ata o 31/12/08 e o seu custo mensual, para este período, será de 2.595,22 €, IVE incluído, tendo un custe para o presente ano de 7.785,66 €, que serán aplicables á partida 3220 202 0000 “Aluguer de inmoables”, do presuposto do ano 2008. Os restantes seis meses corresponderán ao período comprendido entre o 01/01/2009-30/06/2009 e o seu custo mensual será de 3.922,39 €, IVE incluído, tendo un custe para o vindeiro ano de 23.534,34 €, que serán aplicables á partida 3220 202 0000 “Aluguer de inmoables”, do presuposto do ano 2009.*

*En consecuencia, á vista do exposto e da demais documentación obrante no expediente de referencia, proponse á Xunta de Goberno Local aprobar o seguinte:*

- Aprobación da prórroga do contrato de aluguer do inmoble situado na Estrada do Vao nº 151 desta cidade, do que é propietaria a "Comunidad de Herederos de Adolfo Abraín Domingo", con CIF G36746527, representada por D Adolfo S. Abraín de Castro, con NIF 00.704.989-Q. As condicións esenciais desta prórroga son as que seguen: A duración da prórroga do contrato será de nove meses (9 meses), a partir do 01/10/2008, sendo o prezo do aluguer que deberá satisfacer o Concello de Vigo á propiedade de 2.595,22 euros/mes (IVE incluído) no ano 2008 e 3.922,39 euros/mes (IVE incluído) no ano 2009.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **9(1892).- XUSTIFICANTES DE LIBRAMENTOS.**

Visto o informe emitido pola xefa do Servizo de Fiscalización, do 26.11.08, conformado polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local aproba a seguinte relación de xustificantes de libramentos:

NOME	O.PAGO	IMPORTE	XUSTIFIC.	REINT.	S/FA-VOR
ALONSO FERRAGUD SANTIAGO	08012887	5.000,00	4.295,98	704,02	----
ALONSO FERRAGUD SANTIAGO	08032872	2.000,00	1.639,90	360,10	----
COVELO ROMA ROSENDO GONZALO	08028466	17.500,00	17.500,00	----	----
DÍAZ DE BUSTAMANTE Mª PILAR	08009121	44.130,00	42.478,71	1.651,29	----
DÍAZ DE BUSTAMANTE Mª PILAR	08009122	6.000,00	719,32	5.280,68	----
DÍAZ DE BUSTAMANTE Mª PILAR	08009123	3.800,00	3.795,31	4,69	----
DÍAZ DE BUSTAMANTE Mª PILAR	08009124	3.400,00	1.227,22	2.172,78	----
DÍAZ DE BUSTAMANTE Mª PILAR	08009125	3.000,00	1.315,26	1.684,74	----
DÍAZ DE BUSTAMANTE Mª PILAR	08009126	2.500,00	1.895,79	604,21	----
ESPADA RE CAREY LUIS	08020936	1.000,00	914,12	85,88	----
ESPADA RE CAREY LUIS	08022846	1.000,00	436,49	563,51	----
ESPADA RE CAREY LUIS	08022854	1.000,00	939,36	60,64	----
ESPADA RE CAREY LUIS	08022855	1.000,00	721,09	278,91	----
ESPADA RE CAREY LUIS	08032347	300,00	300,00	----	----
ESPADA RE CAREY LUIS	08035484	12.000,00	11.894,01	105,99	----
FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ PAZ	08023784	117.573,40	115.861,00	1.712,40	----
HERMIDA FERNÁNDEZ JOSÉ ÁNGEL	08039845	206.712,00	206.712,00	----	----
LÓPEZ MOURE JESÚS	08032389	305.410,59	305.410,59	----	----
MAGDALENA VILA Mª JESÚS	08029176	18,70	18,70	----	----
MAGDALENA VILA Mª JESÚS	08029179	350,00	278,84	71,16	----
OLIVEIRA LÓPEZ IGNACIO	08032849	52.335,27	52.335,27	----	----
RODRÍGUEZ LAGO ELISA	08030020	56,10	37,40	18,70	----
RODRÍGUEZ LAGO ELISA	08030022	403,90	389,88	14,02	----
RODRÍGUEZ LAGO ELISA	08032311	2.000,00	2.000,00	----	----
RODRÍGUEZ LAGO ELISA	08039708	442,00	442,00	----	----
SAN LUIS COSTAS AVELINO	08016976	10.000,00	8.140,92	1.859,08	----
SAN LUIS COSTAS AVELINO	08027911	10.300,00	10.531,80	----	231,80
		809.231,96	792.230,96	17.232,80	231,80
TOTAL XUSTIFICADO.....				792.230,96	

**10(1893).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS NO SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE NO MES DE NOVEMBRO DE 2008. EXPTE. 6092/306.**

Mediante providencia do concelleiro delegada de Medio ambiente, Sanidade e Consumo, do 1.12.08, dá conta á xunta de Goberno local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de gasto menor no servizo de Medio Ambiente durante o mes de novembro de 2008, que son os seguintes:

Expte.	Partida	CM	Asunto	Adxudicatario	Data Decreto	Data RC	Importe
6037/30 6	4450.227.00.00	SER	Retirada de residuos sólidos na caneira da Madroa	Contevigo, SL	06/11/2008	21/11/2008	1.489,44 €
6050/30 6	4450.227.06.01	SER	Desenvolvemento dos criterios do Plan de Acción de Ruído do Concello de Vigo	Fundación La-bein	12/11/2008	21/11/2008	17.999,72 €

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

**11(1894).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A AAVV PRAZA DA MIÑOCA CONSTITUÍDO POLA CELEBRACIÓN DUN MAGOSTO EN DITA PRAZA. EXPTE. 75613/210.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da enxeñeira técnica da Área de Mobilidade, Transporte e Seguridade, do 27.11.08, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos de Intervención Municipal, se proceda á devolución do importe en metálico achegado en data 03 de novembro de 2008, pola AAVV praza da Miñoa, co NIF G: 36842284, por un importe de 2000 € para responder dos posibles danos con motivo da celebración na praza da Miñoa dun magosto o día 08 de novembro de 2008, por non producirse danos na vía pública.

**12(1895).- PRIMEIRA REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DO SERVIZO DE VIXILANCIA DE DEPENDENCIAS, ACTIVIDADES E MANTEMENTO DE INSTALACIÓNS DE SEGURIDADE DEPENDENTES DO SERVIZO DE CULTURA PARA O PERÍODO MARZO 2009 A FEBREIRO 2009. EXPTE. 11321/331.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do departamento de Cultura, do 20.11.08, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Animación Sociocultural, a xefa do Servizo de Fiscalización e polo interventor xeral, que di o seguinte:

*Con data 19 de febreiro de 2007 a Xunta de Goberno Local resolveu adxudicar o concurso para a contratación do servizo de vixilancia de dependencias, actividades e mantemento de instalacións de seguridade dependente do servizo de Cultura á “Unión temporal de empresas formada por Securitas Seguridade, S.A. e Securitas sistemas de Seguridade, S.A. (C.I.F.: G-85009405)”.*

Os prezos de adxudicación foron os seguintes:

- Hora diurna: 16,97 €

- Hora festiva diurna: 18,30 €
- Hora nocturna: 18,59 €
- Hora festiva nocturna: 19,92 €
- Mantemento dos sistemas de seguridade das dependencias: 4.162,03 €/trimestre

A prestación dos servizos realízase de acordo cos pregos de condicións técnicas e administrativas aprobados pola Xunta de Goberno Local de 6 de novembro de 2006.

O apartado 9 da follla de características do contrato (FEC), incluída no prego de cláusulas administrativas, sobre revisión de prezos establece: “Procederá a primeira revisión de prezos transcorrido un ano dende a data de inicio do contrato e recollerá a variación experimentada polo IPC nacional no período que medie entre a data de revisión e a de apertura de proposicións económicas.

As seguintes revisións faranse transcorrido un ano dende a inmediata anterior e recollerán a variación que experimente o IPC nacional no período comprendido entre a data de revisión de prezos e a da revisión inmediatamente anterior.

A porcentaxe de variación se aplicará ós prezos hora e os prezos de mantemento dos sistemas de seguridade vixente no momento de efectuarse a revisión do prezo do contrato.”

Foron presentadas catro ofertas a través do Rexistro Xeral do Concello, procedendo a súa apertura a Mesa de Contratación nas reunións de 11 e 18 de decembro de 2006.

O apartado 7 da follla de características do contrato (FEC), incluída no prego de cláusulas administrativas sobre prazo de execución establece: “Prazo de execución: Data aproximada do inicio da prestación dos servizos: 20/12/06. Duración do contrato: dous anos”

A cláusula terceira do convenio asinado entre o Concello de Vigo e a adxudicataria establece: “O prazo do contrato será de dous anos, a contar dende 28 de febreiro de 2007”.

Con data 11 de xullo de 2008 a través do Rexistro Xeral a empresa UTE SECURITAS DEPENDENCIAS DE CULTURA DO CONCELLO DE VIGO, S.A. (C.I.F. G-85009405) solicita a primeira revisión de prezos, correspondendo un incremento da tarifa dun 3,7% segundo os datos do INE para o período de decembro 2006 – febreiro 2008.

Polo tanto, a partir do 1 de marzo de 2008 os prezos de facturación polo servizo de vixilancia de dependencias, actividades e mantemento de instalacións de seguridade dependentes do servizo de cultura deberán ser, co IVE incluído de:

- Hora diurna: 17,60 €
- Hora festiva diurna: 18,98 €
- Hora nocturna: 19,28 €
- Hora festiva nocturna: 20,66 €
- Mantemento dos sistemas de seguridade das dependencias: 4.316,02 €/trimestre

O cálculo dos atrasos, polos importes xa facturados, en concepto de servizo de vixilancia de dependencias, actividades e mantemento de instalacións de seguridade dependentes do servizo de cultura, entre o 1 de marzo de 2008 e 30 de outubro de 2008 ascende a 136.508,62 €, o que supón un gasto de 5.050,82 € ao aplicar o 3,7% do IPC.

A previsión para o resto do contrato (1 de novembro – 31 de decembro) é de 36.152,07 €, o cal unha vez aplicada a porcentaxe de aumento dos prezos do 3,7 %, danos un importe de 1.337,63 €. O gasto que supón o IPC en 2008 ascende a 6.388,45 € (considerando os importes facturados mais a previsión) pode asumirse con cargo ao dispoñible no AD 4850, que financia o contrato vixente neste exercicio.



Polo exposto anteriormente faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1.- Que se autorice a primeira revisión de prezos do vixente contrato con UTE Securitas Dependencias de Cultura do Concello de Vigo, S.A. (C.I.F. G-85009405) para a prestación do servizo de vixilancia de dependencias, actividades e mantemento de instalacións de seguridade dependentes do servizo de cultura incrementándoo nun 3,7%, variación experimentada polo IPC nacional para os servizos prestados entre o 1 de marzo de 2008 e o 28 de febreiro de 2009. Os prezos serán os seguintes:

- Hora diurna: 17,60 €
- Hora festiva diurna: 18,98 €
- Hora nocturna: 19,28 €
- Hora festiva nocturna: 20,66 €
- Mantemento dos sistemas de seguridade das dependencias: 4.316,02 €/trimestre

2.- O importe do gasto en concepto de actualización dos prezos do servizo estímase en 6.388,45 € (considerando os importes facturados mais a previsión) e pode asumirse con cargo ao dispoñible no AD 4850, que financia o contrato vixente neste exercicio.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **13(1896).- ADQUISICIÓN DE LOCAL NA AVDA. MARTÍNEZ GARRIDO CON DESTINO A BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL. EXPTE. 11112/331.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 26.11.08, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 12.11.08, conformado pola xefa de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

#### **NORMATIVA DE APLICACIÓN:**

- L 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- L 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALG).
- L 33/2003 de 3 de novembro do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).
- L 30/2007 de 30 outubro de Contratos do Sector Público (LCSP).
- L30/1992 de 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. (LRXAP e PAC).
- RD 24 xullo de 1889 do Código Civil (CC).
- RDL 781/1986 de 18 de abril, do Texto refundido das Disposicións Legais en materia de Réxime Local (TRRL)
- RDL 2/2004 de 5 marzo, do Texto refundido da Lei de Facendas Locais (TRLFL).
- RD 1372/1986 de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL).

#### **INFORME:**

##### **ANTECEDENTES DE FEITO:**

**PRIMEIRO.-** Polo Concelleiro Delegado da Area de Cultura e Animación Sociocultural resolveuse en data 25 de abril do 2008, o inicio polo departamento de Cultura do expediente para a adquisición dun local na Rúa Martínez Garrido 21 (ref.catastral 4852501NG274S0007WD) con destino a biblioteca pública municipal, a complementar con outra superficie municipal contigua.

*SEGUNDO.- O xefe do departamento de Cultura emite informe o 17 de xullo do 2008, conformado polo Concelleiro de dita Area, no que ven a sinalar que dita Concellería de Cultura ten como obxectivo desenvolver unha rede municipal de bibliotecas nun proxecto a facer en varias anualidades, pretendendo neste ano do 2008 abordar unha actuación piloto de posta en marcha dun espazo bibliotecario público de titularidade municipal como experiencia concreta da prestación de servizos reais na zona do do Calvario-Lavadores, concretamente, na urbanización coñecida como Rivera Atienza con límite na Rúa Martínez Garrido, onde o Concello de Vigo é propietario de dous locais no número 21 da rúa Martínez Garrido: a) local coa referencia catastral 4852501NG274S0006QS, de 94 m<sup>2</sup>, actualmente sen uso; b) local coa referencia catastral 4852501NG274S0003ZQ, de 154 m<sup>2</sup>, que fora cedido á Asociación de Veciños do Calvario hai varios anos e que aínda non iniciou a súa actividade. No medio destes dous locais municipais sitúase un terceiro local de 129 m<sup>2</sup>, coa referencia catastral 4852501NG274S0007WD propiedade de D. Jose Antonio Garrido Boullosa e D. Francisco Rivera Rodeiro.*

*A concellería de Cultura considera a zona, e esta localización concreta, como a máis axeitada para iniciar o proxecto de posta en marcha dunha biblioteca pública municipal, pero que se precisa dispoñer dunha maior superficie á que actualmente ten o Concello sen uso (94 m<sup>2</sup>), polo que se considera a necesidade de adquirir o citado local de titularidade privada e así procurar unha superficie de 223 m<sup>2</sup> que permitirían a implantación da primeira biblioteca municipal. Esta superficie podería ser ampliable a 377 m<sup>2</sup> se se engade o local municipal que actualmente está cedido á Asociación de Veciños do Calvario.*

*Finalmente con data 31 de outubro de 2008, informase polo xefe do departamento de Cultura, que con data 9 de outubro do 2008 os propietarios formulan proposta de venda do local, aceptando percibir a totalidade do importe de venda ( 180.000 €) antes da finalización do presente ano e previa realización da cancelación total do crédito hipotecario, recibíndoo o Concello libre de todo tipo de cargas, asumindo o concello de Vigo os gastos de notaría e rexistro. Que en canto o financiamento en 2008, dispónse da partida 5410.622.00.05 “Bibliotecas de barrio” que conta cunha dotación de 105.000 € e estase a xestionar unha transferencia de crédito por importe de 64.000€, que xunto co disponible na partida 4510.626.00.00, da mesma bolsa de vinculación, permitirían o financiamento da operación ata 181.000€ para atender a compra na súa totalidade e gastos derivados se procederan.*

*TERCEIRO.- Polo arquitecto de Patrimonio emitiuse o 28.04.2008 informe pericial sobre a adquisición de dito local. Así mesmo o adxunto ó Director de Xestión e Planeamento da Xerencia de Urbanismo, o 16.09.2008 informa que consultados valores de mercado de locais similares, entende que o valor ofertado atopase dentro dos valores habituais de venda na zona.*

*CUARTO.- O Titular da Asesoría Xurídica emite o 23 de setembro do 2008 informe favorable sobre a legalidade de adquisición do devandito local, estimando acreditada a concorrencia das circunstancias legais que xustifican a adquisición directa do inmovible, como a correspondencia entre o prezo ofertado e o valor do local, consonte os informes técnicos que obran no expediente.*

*QUINTO.- Pola Intervención Xeral o 31.10.2008, sen prexuízo do posterior e preceptivo informe de fiscalización previa que corresponda emitir no seu momento o expediente en cuestión, unha vez formulada proposta de gasto, fai unha serie de observacións sobre o réxime xurídico que nesta materia obxeto do expediente resulta de aplicación.*

*SEXTO.- A Técnica de Admon. Especial da Unidade de Patrimonio, informa o pasado 6 de novembro do 2008 sobre os impostos e gastos a que estaría suxeita dita operación de compra do inmovible.*

**FUNDAMENTOS DE DEREITO.**

*PRIMEIRO.- Segundo resulta da documentación que obra no expediente, o local cuxa adquisición propoñe o departamento de cultura, e pertencente en iguais cuotas indivisas a D. Jose Antonio Garrido Boullosa e D. Francisco Rivera Rodeiro, corresponde o seguinte inmovible:*

*Local Comercial C-2, destinado a usos comerciais ou industriais, do edificio sito na Zona II da denominada "Area Comercial", sita na urbanización "Rivera Atienza", parroquia de Lavadores, Vigo, sito na cota 1, con respecto á Avda. Martínez Garrido, e con entrada por dita Avenida, que ocupa a superficie de cento vintenove metros cadrados, e os seguintes lindeiros: Norte, corredor, escaleiras e Avda. Martínez Garrido; Sur, xardín interior; Leste, local comercial C-1; e Oeste, local comercial C.*

*Cargas: Gravada cunha hipoteca a favor do Banco Pastor SA para responder dun principal de 108.500€.*

*Ref. Catastral: 4852501NG2745S0007WD.*

*Reg. Pdad nº 2: Finca 56830 Tomo 1760 Libro 823 Folio 207 Insc. 4ª.*

*SEGUNDO.- O expediente iniciado pola Concellería de Cultura ten por obxecto a adquisición dun inmovible para a súa adicación, xunto con outros locais de titularidade municipal, como biblioteca pública municipal, plantexándose, polo tanto, dita adquisición como un trámite previo necesario para acadar dito fin.*

*As disposicións legais reguladoras das entidades locais recoñecen a esta a capacidade xurídica plena para a adquisición e posesión de bens de toda clase (art. 270.1 LALG), dispoñendo na súa condición de administración pública a posibilidade da adquisición dos bens e dereitos por calquera dos modos previstos no ordenamento xurídico, en particular, entre outros, a título oneroso, co exercicio ou non da potestade de expropiación. (art. 15 LPAP).*

*Neste senso, as Entidades locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico ou aos principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, en favor de ditas Entidades (Artigo 111.TRLBRL).*

*No presente caso atopámonos ante unha adquisición onerosa, mediante compravenda, do inmovible a que se fai referencia no expediente, identificado como local comercial C2 destinado a usos comerciais ou industriais, na urbanización Rivera Atienza, sito na cota 1 con respecto á Avda. Martínez Garrido, dunha superficie de 129 m2, e pertencente a D. Jose Antonio Garrido Boullosa e D. Francisco Rivera Rodeiro.*

*TERCEIRO.- A adquisición de bens a título oneroso esixe do cumprimento dos requisitos contemplados na normativa reguladora da contratación, e tratándose de bens inmoables esixe ademais dun informe previo pericial. (art. 272 LALG).*

*A normativa reguladora da contratación das administracións públicas considera os contratos de compravenda, doazón, permuta, arrendamento e demais negocios xurídicos análogos sobre bens inmoables, valores negociables e propiedades incorporais, como contratos e negocios xurídicos excluídos da aplicación da lei de contratos do Sector Público, norma reguladora da contratación do sector público e, polo tanto, no ámbito subxectivo de aplicación á administración Local (art. 2 e 4.1.p LCSP), remitindo así mesmo no ap. 2 de dito art. 4 as normas especiais que os regulan, resultando de aplicación os principios da lei para a resolución das dúbidas ou lagoas que puideran presentarse.*

*Non plantexa dúbida que o negocio xurídico, que ten como obxecto o expediente, é un contrato de compravenda, entendido como tal aquel no que un dos contratantes (neste caso os propietarios do local c2) obríganse a entregar unha cousa determinada e o outro (o Concello) a pagar por ela un prezo certo, en diñeiro ou signo que o represente (art. 1.445 do CC).*

*CUARTO.- Determinada conseguintemente a natureza do contrato, e polo tanto o réxime xurídico de aplicación a dito negocio, plantexase pola concellería de Cultura unha adquisición directa do inmovible en base ás circunstancias de localización e técnicas que reúne o local, situado no ámbito onde proxectase levar a cabo a actuación piloto de establecemento dunha biblioteca pública (por as razóns que sinala o informe do 17 de xuño do 2008), e da súa colindancia con outras propiedades municipais, que o fan axeitado e idóneo a ditos fins.*

*Procede sinalar que no marco normativo patrimonial das administracións públicas, a LPAP regula no seu art. 116 o procedemento de adquisición de inmovibles, fixando o concurso como procedemento xeral de adquisición, contemplando a adquisición directa como unha salvedade a dito procedemento e para aqueles casos nos que polas peculiaridades da necesidade a satisfacer, as condicións do mercado inmobiliario, a urxencia da adquisición resultante de acontecementos imprevisibles, a especial idoneidade do ben ou a concorrencia doutras circunstancias que se sinalan no propio artigo, así o xustifiquen.*

*Neste senso, o informe da asesoría xurídica municipal emitido estima acreditada tanto a concorrencia de ditas circunstancias que xustifican a adquisición directa do inmovible, como o precio ofertado para súa compra..*

*QUINTO.- A teor do informado, pódese concluir que non existe inconveniente na adquisición interesada pola Concellería de Cultura e para os fins públicos proxectados, procedendo, unha vez materializada dita compra, a alta do ben no inventario municipal coa natureza xurídica demanial o que resulta afecto polo seu destino como biblioteca municipal.*

*A adquisición do inmovible faise, nos termos e polo precio ofertado, libre de cargas e gravámenes, polo que o transmitente deberá acreditar, con anterioridade á formalización en escritura pública do contrato, a previa cancelación da hipoteca que grava o inmovible.*

*De acordo coa oferta presentada, os gastos de formalización en escritura pública da compravenda así como os posteriores rexistras serán de conta do Concello, correspondendo aos vendedores os previos a dita formalización.*

*SEXTO.- Resulta competente a Xunta de Goberno Local para a adopción do correspondente acordo de compra do inmovible, de acordo co disposto na Disposición Adicional Segunda da LCSP:*

*Polo anteriormente exposto, e previo o preceptivo informe da Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:*

*PRIMEIRO.- Adquirir a D. Jose Antonio Garrido Boullosa e D. Francisco Rivera Rodeiro, en pleno dominio e libre de cargas e gravámenes, o seguinte inmovible sito na Urbanización Rivera Atienza desta Cidade de Vigo:*

*“Local Comercial C-2, destinado a usos comerciais ou industriais, do edificio sito na Zona II da denominada “Area Comercial”, sita na urbanización “Rivera Atienza”, parroquia de Lavadores, Vigo, sito na cota 1, con respecto á Avda. Martínez Garrido, e con entrada por dita Avenida, que ocupa a superficie de cento vintenove metros cadrados, e os seguintes lindeiros: Norte, corredor, escaleiras e Avda. Martínez Garrido; Sur, xardín interior; Leste, local comercial C-1; e Oeste, local comercial C.*

*Ref. Catastral: 4852501NG2745S0007WD.*

*Rex.Pdad nº 2: Finca 56830 Tomo 1760 Libro 823 Folio 207 Insc. 4ª.”*

*SEGUNDO.- O prezo da compraventa fíxase en 180.000,00 Euros (cento oitenta mil Euros), que financiarase, consonte o informado pola Concellería de Cultura, con cargo a partida 5410.622.00.05 “Bibliotecas de barrio” que conta cunha dotación de 105.000 €, unha transferencia de crédito por importe de 64.000 €, e co dispoñible na partida 4510.626.00.00, permitindo o financemento da operación ata 181.000 € para atender a compra na súa totalidade e gastos derivados que procedan .*

*TERCEIRO.- O presente contrato formalizarase en escritura pública no prazo dun mes dende a data da notificación do presente acordo, previa acreditación polos transmitentes da cancelación da carga hipotecaria que grava o inmovible.*

*CUARTO.- Tódolos gastos notariais e rexistrais que resulten da formalización do contrato serán de conta do comprador e os anteriores ao vendedor.”*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**14(1897).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE DESINFECCIÓN CORRESPONDENTE AO MES DE OUTUBRO 2008. EXPTE. 18573/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 2.12.08, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 11.11.08, conformado pola xefa da Unidade de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecelas obrigas que en concepto de Complemento de produtividade aboarase o persoal adscrito o Servicio de Desinfección que figura na relación que se achega no expediente e que comeza por Don José Ramón Seijas Alvarez e rematan por Don Rogelio Rocha Alvarez, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondente ao mes de OUTUBRO-2008 e que ascenden a un total 597,25 € (CINCOCENTAS NOVENTA E SETE EUROS CON VINTECINCO CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

**15(1898).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE AOS MESES DE XUÑO E OUTUBRO-2008. EXPTE. 18585/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 1.12.08, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 28.11.08, conformado pola xefa da Unidade de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondente os meses de XUÑO e OUTUBRO 2008 (inclue horas de xullo-2007; maio e xaneiro-2008) con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓN, que se aboará na nómina do vindeiro mes, ó persoal dos servizos que a continuación se indican:

SERVIZO	RELACIÓN	MES	Nº DE HORAS
Desinfección	De Andrés Hervada Ventin a José Ma-	Xuño-2008	307'00

	nuel Sousa Atrio		
Alcaldía	De Basilio Costas Fernández a Cesáreo Rocha Paramés	Xuño-2008	276'00
Alcaldía	De Raquel Abalde Comesaña	Maió-2008	8'00
Conserxería	De Francisco Martínez Muñoz	Xuño-2008	42'00
Montes, Parques e Xardíns	Alfonso Casas Iglesias a José Luis Vidal Alvarez	Xuño-2008	353'00
Distritos	De Ana M <sup>a</sup> Cardoso Alfonso a Carmen Cotilla Iglesias	Xuño-2008	60'57
1 <sup>a</sup> Tenencia de Alcaldía	De Juan Pablo Alonso Rodríguez a José Luis Pérez Costas	Outubro-2008	218'00
Vias e Obras (Inspecc. Obras)	De Ramón Vázquez Rial	Xuño-2008	29'00
Vias e Obras (Inspecc. Obras)	De Raimundo Villar Estevez	Xuño-2008	37'00
Vias e Obras (Inspecc. Obras)	De Benito Barciela Simón a Ventura Oujo Gerut	Xuño-2008	66'00
Vias e Obras (Inspecc. Obras)	De Ricardo Lobato Cameselle	Xuño-2008	29'00
Policia Local	De Constante Alonso Caride a Juan Guillermo Vivero Mijares	Outubro-2008	1.328'00
Policia Local	De Pablo Antepazo Brun a Francisco José Vila Campos	Outubro-2008	937'15
Extinción Incendios	De Francisco J. Abreu Torres a José B. Villaverde Veleiro	Outubro-2008	1.951
Vias e Obras	De José Luis Amoedo Mosquera a José Manuel Martínez González	Xuño-2008	45'00
Parque Móbil	De Amador Alvarez Bernardez a J. Antonio Rodríguez Rodríguez	Xunio-2008	838'75
Parque Central	De Guillermo Abelleira Porrua a Bernardo Rodríguez Lestón	Xunio-2008	266'00
O.S.P.I.O.	De José Eugenio Matilde Viñas a Angel Ferro Macho	Xunio-2008	60'00
Informática	De José Alves Alfaya	Xullo-2007 e Xaneiro-2008	91'25

O montante do presente expediente ascende a un total de 60.835,92 € (SESENTA MIL OITOCENTOS TRINTA E CINCO EUROS CON NOVENTA E DOUS CÉNTIMOS).

**16(1899).- PROXECTO MODIFICADO Nº 1 DO PROXECTO DE ABASTECIMENTO DE CABRAL E CANDEÁN. FASE 2. EXPTE. 49/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Servizos Xerais, do 27.11.08, que di o seguinte:

Antecedentes

*Tendo en conta o informe do Enxeñeiro Técnico da Oficina de Supervisión de Proxectos, D. Jorge Muñoz Rama de data 26 de novembro de 2008, relativo á necesidade de redacción dun modificado do proxecto de “Abastecemento do alto de Cabral e Candeán”, para poder solventar unha serie de deficiencias constructivas que impiden que a obra se realice tal e como estaba proxectada inicialmente, permitindo asimesmo a execución de outras unidades de obra necesarias, que surdiron como consecuencia de omisións ou erros no proxecto primitivo.*

Faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

- 1º.- *Aprobar o proxecto modificado nº 1 da “Abastecemento do alto de Cabral e Candeán, por un importe adicional de 62.324,80 (sesenta e dous mil trescentos vinte catro euros con oitenta céntimos) Euros, que supón un incremento do 19,54 % sobre o orzamento inicial, dacordo co informe do Enxeñeiro Técnico da Oficina de Supervisión de Proxectos, D. Jorge Muñoz Rama de data 26 de novembro de 2008.  
O incremento económico sobre o proxecto orixinal non supera o 20 % a que limita o artigo 217.4 da Lei 30/07 de Contratos do Sector Público.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**17(1900).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A PROMOCIONES FRANCOTE CONSTITUÍDA POR OBRAS DE ACOMETIDA DE SANEAMENTO NA RÚA TOMÁS ALONSO Nº 118. EXPTE. 57238/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do negociado de Vías e Obras, do 2.12.08, conformado pola concelleira delegada de Vías e Obras, que di o seguinte:

*Vista a solicitude de devolución formulada por PROMOCIONES FRANCOTE S.L. , de data 27/08/2008, en relación a fianza constituída en data 07/2005/2003, para responder dos danos que puideran ocasionarse por execución de obras de acometida de saneamento na Rúa Tomás Alonso nº 118, constando copia do mesmo no presente expediente.*

*Visto o informe do Inspector Auxiliar de Vías e Obras, de data 27 de novembro de 2008, donde reséñase que a zoa quedou en perfectas condicións, e polo que PROPONSE:*

*Proceder a devolución da fianza a PROMOCIONES FRANCOTE, constituída na data reseñada, polo importe de 1.502 euros.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**18(1901).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A AREAL 124 INGENIERÍA S.L. CONSTITUÍDA POR OBRAS DE ACOMETIDA ELÉCTRICA NA VÍA DE TOUZIDO. EXPTE. 56497/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do negociado de Vías e Obras, do 1.12.08, conformado pola concelleira delegada de Vías e Obras, que di o seguinte:

*Vista a solicitude de devolución formulada por AREAL 124 INGENIERIA S.L. , de data 04/09/2008, en relación a fianza constituída en data 10/04/2007, para responder dos danos que pudesan ocasionarse por acometida eléctrica na vía de Touzido, constando copia do mesmo no presente expediente.*

*Visto o informe do Enxeñeiro Técnico de Vías e Obras, de data 01 de decembro de 2008, donde reséñase que a zoa quedou en perfectas condicións, e polo que PROPONSE*

*Proceder a devolución da fianza a AREAL 124 INGENIERIA S.L , constituída na data reseñada, polo importe de 2145,38 euros.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

**19(1902).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DUNHA NOVA GRADA NO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE MEIXOEIRO. EXPTE. 8122/333.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 4.12.08, e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 28.11.08, conformado polo concelleiro delegado de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Declara-la urxencia na tramitación do expediente 8122-333 polas razóns expostas no informe do Coordinador Xeral da Tenencia da Alcaldía de 07-10-2008.

2º.- Aproba-lo proxecto de contratación das obras de construcción dunha nova grada no campo de fútbol municipal do Meixoeiro redactado polos arquitectos D. Santiago González García, D. Miguel Porras Gestido, Dna Paula Costoya Carro e Dna Mónica Fernández Garrido (Naos 04 Arquitectos, S.L.).



3º.- Aprobalo gasto de 89.995,12 euros para a execución das obras de construción dunha nova grada no campo de fútbol municipal do Meixoeiro que se imputarán á partida 4521.622.00.00 do presuposto do ano 2008.

4º.- Aprobalo expediente de contratación que contén o prego de condicións administrativas para a contratación por procedemento negociado sen publicidade para a execución das obras de nova grada no campo de fútbol municipal do Meixoeiro e a Folla de Especificacións do Contrato de data 19-11-2008.

5º.- Abri-lo procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

**20(1903).- PROXECTO MODIFICADO Nº 1 DO DE HUMANIZACIÓN DA ALAMEDA SUÁREZ LLANOS DE BOUZAS. EXPTE. 54499/250.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Servizos Xerais, do 3.12.08, que di o seguinte:

Antecedentes

*Tendo en conta o informe da Aparelladora Municipal da Oficina de Supervisión de Proxectos, Dª.Beatriz Alonso Asenjo de data 28 de novembro de 2008, relativo á necesidade de redacción dun proxecto modificado do proxecto de “Humanización da Alameda Suárez Llanos de Bouzas”, para poder solventar unha serie de deficiencias constructivas que impiden que a obra se realice tal e como estaba proxectada inicialmente, permitindo asimesmo a execución de outras unidades de obra necesarias, que surdiron como consecuencia de omisións ou erros no proxecto primitivo.*

*Faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:*

- 1º.- *Aprobar o proxecto modificado nº 1 da “Humanización da Alameda Suárez Llanos de Bouzas”, por un importe adicional de 74.826,63 (setenta e catro mil oitocentos vinte seis euros con sesenta e tres céntimos) Euros, que supón un incremento do 16,63 % sobre o orzamento inicial, dacordo co informe da Técnica que representa á Dirección Facultativa da obra, Aparelladora Municipal da Oficina de Supervisión de Proxectos, Dª.Beatriz Alonso Asenjo de data 28 de novembro de 2008.*

*O incremento económico sobre o proxecto orixinal non supera o 20% a que limita o artigo 217.4 da Lei 30/07 de Contratos do Sector Público.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**21(1904).- RECTIFICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 8.10.07 DAS REBRIBUCIÓNS DO PERSOAL EVENTUAL DA TENENCIA DA ALCALDÍA.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Dáse conta da proposta do concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, do 4.12.08, que di o seguinte:

*Unha vez constituída a nova Corporación Municipal deste Concello, tralas eleccións municipais do 27 de maio de 2007, a Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de 2 e 16 de xullo de 2007, o abeiro da súa atribución snalada no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, estableceu o número e o réxime do persoal eventual da Alcaldía e dos grupos municipais do BNG, PSdeGA e do PP, co obxecto de que a a Alcaldía, mediante resolución posterior (art. 104.2 LRBL) efectuase os nomeamentos dando conta ó Pleno, sen prexuízo de posteriores acordos complementarios.*

*Asi mesmo, por acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión de 8 de outubro de 2007, adoptou o seguinte acordo:*

*“De conformidade coa normativa vixente e examinado o escrito do Tenente de Alcalde de 6 de agosto –doc. 70089636-, propónse á Xunta de Goberno Local, previa fiscalización da Intervención Xeral, o seguinte acordo:*

*Primeiro.- A Tenencia da Alcaldía terá adscritas en réxime de dedicación de xornada completa seis persoas que ostentarán a condición de persoal eventual: Xefe/a de Prensa; Secretario/a e Técnico/a cunhas retribucións brutas anuais de 30.665,32€ e tres Asesores/as Técnicos/as cunhas retribucións brutas anuais de 43.000€.*

*Segundo.- A dedicación plena do devandito persoal implicará, ademais do cumprimento da xornada laboral ordinaria a incompatibiliadde para calquera actividade pública ou privada por conta allea ou propia.*

*Terceiro.- As retribucións anuais brutas deste persoal aboaranse en catorce pagas e revisaranse anualmente na mesma proporción que as do resto do persoal ó servizo do Concello.*

*Cuarto.- A resolución da Alcaldía pola que se acorde o nomeamento deste persoal publicarase no BOP.*

*Quinto.- Notificar o presente acordo á Tenencia da Alcaldía co obxecto de que a través da Secretaría da Xunta de Goberno Local e, mediante escrito, comunique a Alcaldía o nome, apelidos e DNI das persoas propostas para o seu posterior nomeamento.*

*Sexto.- Notificar este acordo á Intervención Xeral do Concello, Tesourería Municipal e Unidade de Persoal”.*

*O referido acordo, foi proposto polo concelleiro-delegado da área de xestión municipal, a vista do escrito do tenente Alcalde de 6 de agosto de 2007, cando en realidade debería facerse tendo en conta a proposta formulada polo referido tenente alcalde de data 2 de outubro de 2007 na que se modificaban as retribucións do persoal eventual da Tenencia da Alcaldía contidas na proposta de 6 de agosto anterior no seguinte xeito:*

*Asesor/a Técnico/a-Xefe/a Gabinete Ten.Alc.-*

*45.000,00€ anuais en 14 mensualidades.*

<i>Asesor/a Técnico/a Turismo-</i>	<i>40.000,00€ anuais en 14 mensualidades.</i>
<i>Asesor/a Técnico/a Comercio-</i>	<i>40.000,00€ anuais en 14 mensualidades.</i>
<i>Asesor/a Xefe/a Prensa Tenencia Alcaldía.-</i>	<i>36.000,00€ anuais en 14 mensualidades.</i>
<i>Asesor/a Técnico/a Secretario/a Ten. Alcalde.-</i>	<i>36.000,00€ anuais en 14 mensualidades.</i>
<i>Asesor/a Técnico/a Tenencia Alcaldía.-</i>	<i>36.000,00€ anuais en 14 mensualidades.</i>

*O Pleno da Corporación Municipal, na súa sesión de data 20 de decembro de 2007, aprobou definitivamente os orzamentos deste Concello e dos seus organismos autónomos para o presente ano 2008, dotándose os referidos créditos na partida funcional 111.2, co incremento legal correspondente.*

*A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de 4 de agosto de 2008, aprobou a Relación de postos de traballo para o presente ano 2008, que foi publicada no BOP do día 10 de setembro seguinte.*

*En consecuencia, deberá procederse a rectificación do referido acordo, o tratarse dun erro a hora de efectuar-la proposta que serviu de base para o mesmo.*

*Por iso, o Concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, PROPÓN A XUNTA DE GOBERNO LOCAL. A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:*

*“Modificar o apartado primeiro e terceiro do acordo da Xunta de Goberno Local de data 8 de outubro, no que respecta as retribucións brutas do persoal eventual da Tenencia da Alcaldía, o tratarse dun erro producido na elaboración da proposta que serviu de base para o mesma, quedando redactadas do seguinte xeito:*

*Primeiro.- A Tenencia da Alcaldía terá adscritas en réxime de dedicación de xornada completa seis persoas que ostentarán a condición de persoal eventual: Xefe/a Gabinete Tenencia da Alcaldía, cunhas retribucións brutas anuais de 45.000€; Asesores/as Técnicos Turismo/Comercio, cunhas retribucións brutas anuais de 40.000€; Xefe/a de Prensa-Tenencia da Alcaldía, Secretario/a Tenente Alcalde e Asesor/a Técnico/a cunhas retribucións brutas anuais de 36.000,00€.*

*Terceiro.- As retribucións anuais brutas deste persoal aboaranse en catorce pagas e deberán ser revisadas para o ano 2008 e sucesivos nas contías que establezan as leis de orzamentos do Estado.*

*O presente acordo deberá ser notificado á Intervención Xeral, Tesourería Municipal e Unidade de Persoal, os efectos oportunos”.*

#### Acordo

*A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.*

#### **22(1905).- ROGOS E PREGUNTAS.**

*Non houbo ningunha intervención neste punto.*

*E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e trinta minutos. Como secretaria dou fé.*

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.